

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE NOVEMBRO DE 2016,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada Ordes-Cerceda por Virís, de titularidade municipal, a prol da Xunta de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Fundación Empresa-Universidade Galega (Feuga) e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), para a habilitación dun espazo común para clusters (AT Clusters Espazo Galicia), por un importe total de cento oitenta e cinco mil setecentos corenta e seis euros con cincuenta céntimos (185.746,50€).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre as actuacións da Unidade de Policía Adscrita (UPA) na Campaña da uva 2016.
- Informe sobre a convocatoria do programa Iacobus 2016-17.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Informe sobre os puntos limpos: colaboración cos concellos.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a mellora da atención á parada cardiorrespiratoria fóra do ámbito sanitario

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre a situación do Programa de investimento en escolas infantís 0-3 e puntos de atención á infancia.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre as actuacións realizadas pola Consellería do Medio Rural para recuperar o potencial forestal das zonas afectadas polos incendios forestais do verán do 2016.

A XUNTA COMPLETA O CAMBIO DE TITULARIDADE DA ESTRADA ORDES – CERCEDA COA TRANSFERENCIA DO TRAMO QUE PERCORRE ESTE NÚCLEO ATA O AQUAPARK

- *Trátase do treito comprendido entre o límite co concello de Ordes e a glorieta situada no acceso ao Aquapark, de 3,1 quilómetros*
- *O Goberno autonómico xa asumiu en xuño a titularidade da parte desta vía que percorre o Concello de Ordes, de 8,28 km, e constitúe o principal acceso a Sogama, polo que se completa a transferencia desta estrada a favor da Xunta*
- *A Axencia Galega de Infraestruturas xa licitou o contrato da obra de alargamento e mellora da estrada, entre os p.q. 0+000 e 7+000, cun orzamento de máis de 2 millóns de euros e un prazo de execución de 12 meses*
- *Este proxecto aumentará a capacidade da estrada e a seguridade viaria mediante o incremento da sección e mellora da sinalización, o balizamento ou as interseccións*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada Ordes- Cerceda, por Virís, ao seu paso polo concello de Cerceda, de titularidade municipal, a prol da Xunta de Galicia.

Trátase do tramo comprendido entre o límite co concello de Ordes e a rotonda situada no acceso ao Aquapark, de 3,1 quilómetros.

O Goberno autonómico asumiu no pasado mes de xuño a titularidade da parte desta vía que percorre o concello de Ordes, de 8,28 km, e constitúe o principal acceso a Sogama, polo que se completa deste xeito a transferencia desta estrada a favor da Xunta.

A teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou tramos que estean incluídos no inventario da súa administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas.

O cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

Corresponderanlle á Xunta de Galicia, a partir da formalización da entrega, todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como o exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra que puidese corresponderlle como nova Administración titular das estradas.


Mellora de seguridade

Cómpre lembrar que a Administración autonómica ten previsto acondicionar a estrada Ordes-Cerceda, no treito que percorre o concello de Ordes, dado que no tramo que percorre o de Cerceda xa foi acondicionado polo municipio.

Na actualidade a estrada que comunica Ordes con Cerceda, a través de Mercurín, resulta estreita e pouco axeitada, tendo en conta a importante intensidade de vehículos pesados que circulan por ela por servir de acceso principal a varias instalacións industriais entre as que se atopa a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama).

Por iso, o Goberno galego aumentará a súa capacidade e incrementará a seguridade viaria mediante o aumento da súa sección e mellora de sinalización, drenaxe, balizamento e interseccións.

A Axencia Galega de Infraestruturas licitou o pasado 16 de setembro o contrato para execución da obra de alargamento e mellora da estrada de Ordes a Cerceda, entre os PQ 0+000 e 7+000, no concello de Ordes, que conta cun orzamento de máis de 2 millóns de euros e un prazo de execución de 12 meses. Ademais, iniciouse tamén o proceso expropiatorio, e xa se realizou o levantamento das actas previas á ocupación dos terreos afectados entre os días 17 e 19 de outubro.



A XUNTA APOIA O ESPAZO COMÚN DE TRABALLO DOS CLÚSTERS GALEGOS PARA IMPULSAR A COMPETITIVIDADE E A TRANSFERENCIA DE I+D Á EMPRESA

- ***A Xunta renova o acordo coa Fundación Universidade-Empresa que permitirá albergar outros catro anos no AT Clusters Espazo Compostela a agrupacións de diversos sectores interesadas en cooperar e xerar sinerxías***
- ***O obxectivo é contribuír co desenvolvemento empresarial galego e coa economía social e produtiva de Galicia e colaborar co fomento da innovación e transferencia tecnolóxica***
- ***Desenvolveranse ademais programas de formación e de bolsas Feuga abertos á participación destes colectivos***
- ***A Administración autonómica apoia o fortalecemento dos clústers galegos a través de diversos programas e axudas como son as convocatorias Industria 4.0 ou Galicia exporta organismos intermedios***

A Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través do Igape, renovará coa Fundación Empresa Universidade Galega (Feuga) o acordo subscrito en 2012 para a posta e marcha dun espazo común permanente para acoller nunhas mesmas instalacións a clústers galegos interesados en cooperar e xerar sinerxías que impulsen a mellora da competitividade das empresas galegas e a transferencia de I+D á empresa.

No marco deste acordo de colaboración aprobado hoxe polo Consello da Xunta, ao que o Igape achegará 48.000 euros en catro anos, Feuga seleccionará un mínimo de catro agrupacións empresariais dispostas a compartir este lugar de carácter colaborativo promovido pola Xunta de Galicia e denominado AT Clusters Espazo Compostela, que situado nas instalacións da Fundación na capital de Galicia.

Na actualidade alóxanse neste espazo os clústers Alimentario de Galicia, do Produto Gráfico e do Libro Galego, da Madeira, o Naval e o Audiovisual. A colaboración xa realizada a través deste espazo proba que o contacto entre os clusters xera negocio cruzado entre os diversos sectores de actividade representados.

O obxectivo desta iniciativa entre o Igape e Feuga é contribuír co desenvolvemento empresarial galego e coa economía social e produtiva de Galicia e colaborar co fomento da innovación e transferencia tecnolóxica. O que se persegue é que estas agrupacións poidan seguir en contacto permanente e seren aliados en proxectos de mellora de carácter tanto sectorial como transversal.

Deste xeito, a colaboración entre o Igape e Feuga servirá, dunha banda, ademais da habilitación do espazo físico, para o desenvolvemento e posta en marcha de programas

de formación e bolsas Feuga que se abrirán á participación dos clústers. Ofreceráse ás empresas dos clústers o deseño personalizado de programas de formación axeitados ás súas necesidades específicas, orientados a mellorar a súa produtividade, a súa competitividade e a súa capacidade para desenvolver proxectos de I+D cos mellores resultados posibles.

Así mesmo, este acordo permitirá o desenvolvemento de iniciativas que apoién a transformación da I+D en innovacións empresariais. Os clústers participantes poderán recibir asesoramento personalizado en financiamento de proxectos de I+D+i, e Feuga colaborará na elaboración de catálogos tecnolóxicos personalizados para as necesidades ou demandas de empresas e clústers e o apoio na organización de eventos de I+D+i.

Ademais, os clústers poderán colaborar cos programas de bolsas de formación de Feuga que están deseñados para facilitar o progreso no itinerario profesional dos estudantes ou recentemente titulados, actuando como unha plataforma ata o mercado laboral, ademais de converterse nun importante complemento formativo.

A Xunta aposta de maneira decidida pola colaboración empresarial como factor clave da mellora competitiva nos principais sectores económicos, polo que está a impulsar a creación de novos clústers e a consolidación dos xa existentes, facilitando melloras na xestión, a competitividade e os servizos que prestan ás empresas asociadas, e favorecendo ao mesmo tempo a colaboración entre eles.

Deste xeito, o Goberno galego apoia o fortalecemento dos clústers a través de diversas axudas e programas como son as convocatorias Industria 4.0 o Galicia exporta organismos intermedios, onde este colectivo ten un papel especialmente relevante.

A POLICÍA AUTONÓMICA REMATA A CAMPAÑA DA UVA DESTE ANO CON MÁIS DE 1.100 ACTUACIÓNS NA NOSA COMUNIDADE

- *A campaña consistiu na inspección e control dos movementos e comercialización da uva de vinificación, tanto de procedencia galega como de fóra*
- *Na comparativa das últimas campañas prodúcese unha diminución do número de denuncias o que amosa que vendedores, compradores, transportistas e distribuidores se van axustando ás normas que regulan esta materia*
- *A Policía Autónoma mantén unha permanente actividade preventiva que permita concienciar á cidadanía en xeral sobre as pautas que se deben observar en determinadas actividades*
- *Por provincias, destaca Lugo no que se refire a inspeccións, con 227; seguida de Pontevedra, con 138; Ourense, con 127; e A Coruña con 113 dispositivos de inspección realizados*

O Consello da Xunta informou hoxe sobre a actividade da Policía Autónoma en relación coa Campaña da uva 2016, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, coa que colabora de xeito estacional no control do transporte, venda e distribución da uva de vinificación.

Rematado o dispositivo activado para estes efectos, unha vez dada por concluída a presente campaña de 2016, por parte da Unidade realizáronse 1.160 actuacións, correspondentes ás inspeccións ou controis efectuados, ás consultas informáticas realizadas e tamén ás denuncias instruídas. No que se refire aos dispositivos de inspeccións levados a cabo, por provincias destaca Lugo, con 227; seguida de Pontevedra, con 138; Ourense, con 127, e A Coruña con 113 inspeccións.

Na comparativa total das dúas últimas campañas podemos observar que aínda que aumentaron un 8 por cento as inspeccións neste ano, o número das denuncias aumenta unicamente en dúas, o que significa que tanto vendedores como compradores, transportistas e distribuidores se van axustando ás normas que regulan esta materia. Deste xeito, cómpre salientar que este ano, a pesar de ter aumentado un oito por cento o número de controis, só houbo 16 denuncias, case as mesmas que na campaña de 2015 que foran 14, número sensiblemente menor ás 63 do 2014, ou ás 66 de 2013.

Deste xeito, sempre co obxectivo xeral de coñecer o grao de cumprimento da normativa dentro do sector vitivinícola e de controlar as actividades que afectan esta área, a UPA estableceu para 2016 os obxectivos da inspección de transportes de uva procedentes tanto doutras comunidades autónomas españolas, como tamén os chegados desde Portugal; o control de transportes de uva procedentes de produtores

ou vendedores radicados en Galicia; e a supervisión e control en establecementos e puntos de venda de uva de vinificación. Por esta razón, desde o Goberno galego se marcaron unha serie de directrices e obxectivos para que a Policía Autonómica manteña unha permanente actividade preventiva para concienciar á cidadanía en xeral sobre as pautas que se deben observar en determinadas actividades.

A Policía Autonómica, en colaboración coa Consellería do Medio Rural, iniciou no ano 2010 estas campañas de inspección do documento de acompañamento que impoñen as disposicións comunitarias para o transporte de uva de vitinificación, e que constitúe unha fonte de información moi útil para as autoridades encargadas de velar polo respecto das normas do sector, tanto comunitarias coma estatais. Esta campaña é unha das moitas que a Policía Autonómica desenvolve en colaboración con outros departamentos da Xunta para favorecer o control e a inspección de determinadas actividades.

A XUNTA PUBLICA UNHA NOVA CONVOCATORIA DO PROGRAMA IACOBUS PARA O INTERCAMBIO DE PERSOAL DE ENSINO SUPERIOR DE GALICIA E O NORTE DE PORTUGAL

- *O Consello da Xunta foi informado hoxe desta nova edición do programa, que financiará a estada de docentes, investigadores e PAS das universidades galegas nos centros de ensino superior do norte de Portugal e viceversa*
- *Nas tres convocatorias efectuadas ata o de agora realizáronse un total de 367 estadas que supuxeron un custo total de 400.000 euros*

O Consello da Xunta foi informado hoxe da próxima convocatoria nas vindeiras semanas do programa Iacobus, que estará dotada con 150.000 euros para financiar a estada de docentes, investigadores e PAS (persoal de administración e servizos) das universidades galegas nos centros de ensino superior do norte de Portugal e viceversa.

As estadas terán unha duración máxima de dúas semanas no caso de docentes e PAS e de tres meses para os investigadores e deberán levarse a cabo entre o 1 de xaneiro e o 30 de xuño de 2017.

A Agrupación Europea Territorial Galicia-Norte de Portugal está a preparar unha plataforma informática que estará aloxada na súa páxina web www.gnpaect.eu para posibilitar a presentación dixital das candidaturas, unha vez publicada a convocatoria.

O protocolo do programa Iacobus foi asinado en maio de 2014 polo presidente da Xunta de Galicia, o presidente da CCDR-N, o presidente da Fundación Centro de Estudos Eurorrexionais (FCEER) e os reitores de todas as universidades e centros de ensino superior radicados no territorio da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal: a Universidade de Santiago de Compostela, a Universidade da Coruña, a Universidade de Vigo, a Universidade do Porto, a Universidade Católica Portuguesa, o Instituto Politécnico do Porto, o Instituto Politécnico de Viana do Castelo, o Instituto Politécnico de Bragança, o Instituto Politécnico do Cávado e do Ave, a Universidade do Minho e a Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro.

Desde a súa posta en marcha en 2014 realizáronse tres convocatorias con 367 estadas (entre docentes, investigadores e persoal de administración e servizos das 11 entidades), que supuxeron un custo total de case 400.000 euros, que foron cofinanciados polo Programa operativo de cooperación transfronteiriza España – Portugal (Poctep).

Este programa ten como obxectivos promover o desenvolvemento do ensino superior e a investigación científica e tecnolóxica, e en especial o fomento da aprendizaxe e a formación dos estudantes e profesores e a difusión da cultura na Eurorrexión.

O programa Iacobus permite o intercambio entre os recursos humanos dos centros de ensino superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal para a posta en común de actividades formativas, investigadoras e divulgativas. Estes intercambios melloran o coñecemento e as relacións de cooperación entre os centros, beneficiando así a investigación científica e tecnolóxica e xerando sinerxías e economías de escala. Co Iacobus dáse un paso máis cara a configurar un auténtico espazo de integración interrexional entre as universidades e os centros de ensino superior da Eurorrexión Galicia – Norte de Portugal.

A REDE DE PUNTOS LIMPOS DE GALICIA, CUN TOTAL DE 147 INSTALACIÓNS, DÁ SERVIZO A CASE O 90 POR CENTO DA POBOACIÓ

- *A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio levou hoxe un informe ao Consello da Xunta sobre a ampliación e mellora destas instalacións, que se encargan de recoller aqueles residuos que quedan á marxe dos contedores "ordinarios"*
- *Desde o 2011, cando entrou en vigor o novo Plan de residuos, puxéronse en marcha 23 novos puntos, o 20% do total actual, cun investimento de 6,6 millóns de euros*
- *O departamento de Medio Ambiente está a realizar un seguimento continuado destes recursos, con 500 visitas efectuadas nos últimos anos*
- *Os puntos limpos canalizan un fluxo anual de 35.634 toneladas de residuos, cunha ratio per cápita de 14,8 quilogramos por habitante e ano*

A Xunta ten acometido nos últimos anos unha importante ampliación da rede de puntos limpos de Galicia, á cal destinou máis de 6,6 millóns de euros desde 2011 para a construción de 21 novas instalacións, ás cales se suman dúas máis de iniciativa privada. Deste xeito, a rede de puntos limpos de Galicia dá actualmente servizo a preto do 90 por cento da poboación, o que supón preto dun 20 por cento máis da que tiña acceso a este recurso hai 5 anos.

Así se desprende do informe aprobado hoxe no Consello da Xunta sobre a ampliación e mellora destes recursos, que constitúen unha peza esencial na loxística da recollida de residuos urbanos e domésticos e que son de titularidade municipal ou privada.

En concreto, este servizo ocúpase daqueles residuos que polo seu volume, natureza ou perigosidade quedan á marxe dos contedores ordinarios. Deste xeito, conséguese evitar verteduras incontroladas e os conseguíntes impactos sobre o ambiente; ao tempo que se proporciona unha vía de recollida segregada que facilita e abarata os procesos posteriores de recuperación e reciclaxe.

Actualmente, a rede de puntos limpos de Galicia está composta por 147 puntos limpos fixos, dos cales 23 foron postos en marcha desde 2011 (21 corresponderon por parte da Xunta e 2 da iniciativa privada), data en que se empezou a implantar o Plan de xestión de residuos urbanos (PXRUG) de Galicia 2010-2020 que inclúe esta medida como unha das súas liñas estratéxicas.

Con estes puntos, dáse servizo a 233 concellos, xa que 39 dos puntos limpos proporcionan cobertura a máis dun goberno local. Se se toman como referencia os datos de poboación, a porcentaxe de galegos con acceso a este recurso pasou do 70% en 2011 ao 88% de hoxe en día. O obxectivo marcado no PXRUG é chegar a dar

cobertura á totalidade da poboación antes de 2020, a través de puntos limpos fixos, minipuntos ou móbiles, en funcións das características demográficas e xeográficas do territorio

Os puntos limpos canalizan un fluxo anual de 35.634 toneladas de residuos, cunha ratio per cápita de 14,8 quilogramos por habitante e ano. Deste total, máis do 90% correspóndense con residuos non perigosos. A continuación sitúanse os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, e os residuos perigosos.

Para garantir o correcto funcionamento e xestión sustentable destas instalacións, a Xunta encárgase de realizar un programa de seguimento e de mellora continua. Ao abeiro desta iniciativa, realizáronse máis de 500 visitas de supervisión entre 2011 e 2015, que se complementaron con labores formativos para os traballadores e campañas de sensibilización de cara á cidadanía. Nesta liña de actuación inscríbese a “Guía para a clasificación de residuos nos puntos limpos”, elaborada no 2012 e dirixida principalmente aos operarios.

Adaptación á normativa de aparellos eléctricos e electrónicos

Outro punto fundamental no apoio da Xunta aos puntos limpos e entes locais é o convenio marco asinado, en marzo deste ano, coa Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) en materia de xestión de residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE) e que compromete un investimento de 1,7 millóns de euros por parte do Goberno galego.

O obxectivo deste acordo é financiar a implantación de equipamento específico nos puntos limpos a aqueles concellos que se adhiran a el. Deste xeito, mellórase a recollida, clasificación e almacenamento dos RAEE en condicións acordadas coa máis recente normativa nacional. Ata o momento, un total de 81 concellos adheríronse a este acordo.

O 061 PILOTA COA CRUZ VERMELLA E A SOCIEDADE ESPAÑOLA DE CARDIOLOXÍA UN PROXECTO PARA A MELLORA DA ATENCIÓN Á PARADA CARDIORRESPIRATORIA FÓRA DAS INSTALACIÓNS SANITARIAS

- *Formará voluntarios en soporte vital básico que poderán ser mobilizados polo 061 para a atención directa ante a aparición dunha alerta ata que chegue o recurso do 061*
- *Tamén contará cun rexistro e localización dos DESA para achegalos polos voluntarios no menor tempo posible ao lugar da emerxencia*
- *O 061 está a potenciar entre as súas actividades a formación neste eido para a atención fóra dos centros sanitarios, como o programa "RCP na aula" co que se forma a escolares de 12 anos*

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu hoxe a recente posta en marcha dun proxecto piloto iniciado en Santiago de Compostela da Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia- 061 xunto coa Cruz Vermella de Galicia e a Sociedade Española de CardioloXía para a mellora da atención á parada cardiorrespiratoria fóra dos centros sanitarios (en lugares públicos). Enténdese o proxecto como a atención precoz a todo o proceso de parada cardiorrespiratoria e inclúe o manexo do desfibrilador por voluntarios acreditados.

Trata fundamentalmente de coordinar o persoal voluntario, inicialmente a rede de voluntarios da Cruz Vermella, que recibirán un aviso vía aplicación de smartphone por parte do 061 ante a aparición dunha alerta de parada cardíaca. A coordinación inclúe as decisións para mobilizar os voluntarios máis próximos ao evento, tanto para a atención directa á parada como para recoller un desfibrilador próximo. Todo isto, por suposto, ata que cheguen os servizos sanitarios do 061.

Ata o de agora, a aparición dunha persoa con formación en reanimación cardiopulmonar no lugar do evento antes da chegada dos medios sanitarios era unicamente fortuíta. A coordinación a través do voluntariado dunha organización con experiencia como a Cruz Vermella fai que os tempos poidan reducirse e con isto incrementar as posibilidades de supervivencia do paciente.

O obxectivo do Servizo Galego de Saúde é avaliar o funcionamento deste piloto que se está a realizar en Santiago de Compostela para estendelo a toda a Comunidade Autónoma. Neste senso, o proxecto pretende rematar cun rexistro de persoas formadas en soporte vital básico para poder ser activadas en caso de estar próximas a un evento; así como un rexistro e localización dos DESA para achegalos no menor tempo posible á persoa que o precisa.

O proxecto baséase no voluntariado e a súa coordinación coa Central de Urxencias

Médicas 061 xa en funcionamento, polo que non se requiren medios económicos especiais para el.

A resposta á parada cardiorrespiratoria fóra dos centros de saúde

O 061 non é unicamente un xestor de emerxencias sanitarias e urxencias extrahospitalarias, senón que tamén actúa de coordinador de 11 programas sanitarios de alto valor engadido para o paciente e para a organización sanitaria.

Entre eles destacan os que inciden especialmente no campo das enfermidades cardiovasculares, que en Galicia consitúen un dos problemas de saúde máis importantes, e que están definidas no Plan integral de atención á morte súbita presentado no ano 2012.

Así, o 061 tamén continúa traballando na formación en soporte vital a nivel poboacional en Galicia, aprendendo aos nenos de 12 anos nos propios centros escolares co programa RCP na aula.

Tamén destaca actuacións como o desenvolvemento dun protocolo coordinado co resto dos servizos de emerxencias para a asistencia telefónica á RCP por testemuña; e a creación dun rexistro nacional da morte súbita a nivel prehospitalario para poder medir e comparar os resultados obtidos cos das melloras implementadas ao longo do tempo.

Neste marco, o 061 tamén está a desenvolver proxectos de investigación que tratan de contestar preguntas como cando, canto e como é máis efectivo ensinar soporte vital en idade escolar (ANXOS), que permitirán redefinir estas estratexias e optimizalas adaptándoas ás peculiaridades demográficas e poboacionais da comunidade para mellorar a supervivencia e diminuír as secuelas nos supervivintes.

Máis información sobre parada cardiorrespiratoria

De todas as situacións de emerxencia, a parada cardiorrespiratoria (PCR) representa o paradigma no que a actuación precoz e con medios axeitados condiciona o pronóstico en canto á recuperación da vida e a minimización das posibles secuelas.

Durante o ano 2015, rexistráronse un total de 673 RCP que foron realizadas polos recursos de soporte vital avanzado ou soporte vital básico (DESA) de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

As causas máis frecuentes da parada cardiorrespiratoria nos adultos son a fibrilación ventricular e a taquicardia ventricular sen pulso, e teñen como único tratamento a desfibrilación eléctrica. Nestas situacións a dispoñibilidade inmediata de medios técnicos, os desfibriladores, e humanos (os voluntarios) resultan imprescindibles para

abordar con éxito as manobras de reanimación, co apoio das urxencias sanitarias garantindo a continuidade asistencial.

Segundo as “Recomendacións para a resucitación 2015 do Consello Europeo de Resucitación”, a instalación de DESA en zonas onde se pode esperar unha parada cardíaca cada 5 anos considérase custo efectivo e comparable a outras intervencións médicas.

A XUNTA DE GALICIA DESTINA ESTE ANO MÁIS DE 4,2 MILLÓNS DE EUROS A ACTUACIÓNS DE MELLORA E ADECUACIÓN DE RECURSOS DE ATENCIÓN PARA NENOS E NENAS DE 0 A 3 ANOS

- *Un total de 164 centros da Galiña Azul, escolas e puntos de atención á infancia de titularidade municipal beneficiáronse destas intervencións*
- *En concreto, fixéronse obras de mellora en 92 escolas da Galiña Azul –o que supón actuacións no 55,42% dos centros que forman parte da rede, cun investimento global de 2,7 millóns de euros- e en 72 equipamentos municipais –aos que se destinaron 1,5 millóns de euros en axudas, atendéndose o 70% das peticións realizadas-*

A Xunta de Galicia destina este ano 2016 un total de 4.273.680 euros en traballos de mellora e adecuación dun total de 164 escolas infantís de 0 a 3 anos e puntos de atención á infancia, segundo se recolle no informe sobre a situación do programa de investimento nesta rede de recursos para os nenos/as do que hoxe deu conta o Consello da Xunta. A distribución territorial desta cantidade é a seguinte:

PROVINCIA	CENTROS BENEFICIADOS	IMPORTE
A CORUÑA	62	1.365.947,73 €
LUGO	29	593.523,54 €
OURENSE	23	525.890,37 €
PONTEVEDRA	50	1.788.319,13 €
TOTAL	164	4.273.680,77 €

O investimento dirixiuse tanto ás escolas infantís que dependen da Administración autonómica como ás dependentes das entidades locais. Así, á rede de centros Galiña Azul destinouse un orzamento total de 2.773.680,77 euros procedente do Plan extraordinario de investimento posto en marcha como consecuencia do financiamento adicional da Comunidade Autónoma por parte do Estado en relación co cumprimento do déficit. Este orzamento serviu para levar a cabo actuacións de reparación, reforma e/ou compra de equipamentos en 92 escolas da Galiña Azul, o que supón a realización de traballos de mellora nun 55,42% dos centros que forman parte desta rede autonómica e un beneficio para un total de 5.946 nenos/as. A desagregación territorial do investimento é como segue:

PROVINCIA	ESCOLAS GALIÑA AZUL	NENOS/AS BENEFICIADOS/AS	IMPORTE
A CORUÑA	29	1.926	678.272,69 €
LUGO	10	731	182.897,76 €
OURENSE	13	824	341.678,25 €
PONTEVEDRA	40	2.465	1.570.832,07 €
TOTAL	92	5.946	2.773.680,77 €

Financiamento de recursos municipais

Así mesmo, o investimento en recursos de atención á infancia de titularidade municipal chegou este ano a 1.500.000 euros; e fíxose por medio dunha convocatoria pública de subvencións en parte financiada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020 (Orde do 13 de xullo de 2016). Cómpre salientar que o ano 2006 foi o último na que a Xunta de Galicia financiou as corporacións locais para a mellora das súas escolas infantís e puntos de atención á infancia. A convocatoria de axudas de entón ascendera a 500.000 euros, cantidade que neste exercicio de 2016 se multiplicou por tres.

Dentro desta convocatoria concedéronse 67 axudas das 96 solicitudes presentadas, co que se executa totalmente o crédito consignado e se atenden o 70% das peticións. Estas achegas destináronse a obras menores de adecuación e de mellora da accesibilidade dos centros, á adquisición e mellora do equipamento –incluída a compra de mobiliario interior e exterior e de material didáctico e de xogo- e á dotación de conexión a internet e compra de dispositivos para a introdución das novas tecnoloxías na aula –ordenador, encerado dixital, gravadoras, cámaras de vídeo...-.

As axudas financiaron ata o 100% do investimento subvencionable, cunha contía máxima por cada centro de 20.000 euros para as actuacións destinadas á realización de obras e de 15.000 euros para as destinadas á compra de equipamento e mais á integración das novas tecnoloxías nas aulas. Cada concello puido percibir unha axuda máxima de 35.000 euros, con independencia do número de centros para os que se presentara a solicitude. Por provincias, a contía das axudas e o número de centros beneficiados é como segue:

PROVINCIA	Nº AXUDAS CONCEDIDAS	CENTROS BENEFICIADOS	IMPORTE
A CORUÑA	30	33	687.675,04
LUGO	17	19	410.625,78

OURENSE	10	10	184.212,12
PONTEVEDRA	10	10	217.487,06
TOTAL	67	72	1.500.000,00

Impulso da calidade e da atención

O obxectivo destas actuacións realizadas pola Administración autonómica é garantir as óptimas condicións de uso dos recursos de atención á infancia de 0 a 3 anos existentes na comunidade, na consideración de que a calidade das infraestruturas e do mobiliario e recursos educativos utilizados son un factor básico de impulso da calidade da atención prestada.

Neste sentido, a atención á infancia e o apoio ás familias é unha das liñas estratéxicas de actuación da Xunta de Galicia, que a finais do ano 2015 puxo en marcha o Programa de apoio á natalidade (PAN) no que se enmarca este investimento. A nosa comunidade é hoxe un referente no Estado en canto a recursos educativos para nenos/as de 0 a 3 anos. Así, a rede autonómica de escolas infantís de 0 a 3 a conta cun total de 22.316 prazas públicas ou financiadas con fondos públicos, entre as que se encontran as 1.781 novas prazas creadas no curso 2016-17, e que supuxeron un aumento de máis de 8 puntos en comparación coa situación do curso anterior. Ao respecto, a Comunidade Autónoma xa supera hoxe a ratio aconsellada pola Unión Europea en canto a prazas en escolas infantís, aumentando dende o ano 2009 a ratio de cobertura máis dun 18%, pasando do 19% a máis do 37% actual.

UN ESTUDO DE MEDIO RURAL CONCLÚE QUE TRES DE CADA CATRO LUMES REXISTRADOS NA ÚLTIMA DÉCADA FORON INTENCIONADOS

- *O informe analizado hoxe no Consello da Xunta confirma tamén que o 30% dos incendios comezan pola noite e máis dun 8% iníciáanse con varios focos ao mesmo tempo*
- *A Garda Civil e a Policía Autonómica investigaron en Galicia durante o 2016 un total de 68 persoas pola presunta autoría de 114 incendios forestais*
- *A Consellería do Medio Rural fixo tamén balance dos traballos de recuperación que se están levando a cabo en diferentes concellos afectados polos lumes deste verán*

A Consellería do Medio Rural presentou hoxe ao Consello da Xunta un informe no que se analiza a causalidade dos incendios forestais en Galicia na última década e do que se desprende que a maioría dos lumes son intencionados. En concreto, os lumes provocados de xeito voluntario dende 2006 representan máis do 75% do total, é dicir, 3 de cada 4 incendios ocorridos na nosa comunidade foron intencionados. No que vai de ano, esta porcentaxe mantense superior ao 73%.

Esta intencionalidade tamén se pon de manifesto pola elevada porcentaxe de lumes rexistrados pola noite. En torno ao 30% dos incendios nos últimos dez anos (por riba do 38% no 2016) rexistráronse entre as 21:00 e as 07:00 horas. Ademais, arredor do 8% se iniciaron con máis dun foco de xeito simultáneo.

O estudo confirma tamén unha alta concentración da actividade incendiaria en determinadas zonas da nosa comunidade, son as chamadas parroquias de alta actividade incendiaria (PAAI), identificadas no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (Pladiga) para levar un maior control sobre elas. Este informe sinala que as 67 PAAI, que supoñen só o 3,66% da superficie de Galicia, acumulan máis do 14% dos lumes no último decenio e o 12,43% no 2016. O número de incendios intencionados nestas áreas é especialmente acusado, chegando ao 86,67% de lumes provocados nos últimos dez anos, cando a media no total de Galicia está no 75,17%.

O documento elaborado polos técnicos de Medio Rural incorpora información sobre a loita dos corpos e forzas de seguridade do Estado contra a actividade incendiaria. Así, recolle que neste 2016 (con datos contabilizados ata o 31 de agosto), a Garda Civil e a Policía Autonómica investigaron en Galicia un total de 68 persoas pola presunta autoría de 114 incendios forestais. Estas investigacións distinguen, en canto á orixe dos lumes, entre os propiamente intencionados e os causados por negligencias ou accidentes. Nestes últimos, os principais motivos son os escapes de queimas durante o inverno, o uso de maquinaria ou o emprego de artefactos pirotécnicos.

Terreos queimados

O informe avaliado hoxe polo Goberno galego resume tamén as actuacións para recuperar terreos queimados polos incendios do verán de 2016 que está levando a cabo esta consellería. A Xunta está a actuar (ou ten previsto facelo) nos 12 lumes máis importantes dos rexistrados este ano en Galicia. Deles, un tivo lugar na provincia da Coruña (no concello de Porto do Son), seis rexistráronse na de Ourense (Avión, Boborás, Entrimo, Melón, Monterrei e Muíños), e cinco foron na de Pontevedra (Arbo-As Neves, Caldas de Reis, Catoira, Cotobade e Redondela-Soutomaior). En todos eles houbo que decretar a situación 2 pola proximidade dos lumes a núcleos de poboación.

As actuacións en todos eles céntranse na restauración e consolidación de terreos con tratamentos sobre a erosión con labores como o *mulching* e *helimulching* a través do uso de palla, traballos de recuperación de infraestruturas, control de riscos hidrolóxicos erosivos, eliminación de madeira queimada e accións de rexenerado da vexetación afectada.

Polo de agora, xa se actuou con técnicas de *mulching* de palla en máis de 95 hectáreas, colocáronse máis de 3,3 quilómetros de barreiras filtrantes (para evitar arrastres aos ríos e ao mar) e limpáronse uns 20 quilómetros de pistas, ademais de comezar a reparar máis de 16 quilómetros de infraestruturas como peches gandeiros ou devasas.